



Día das Letras Galegas

2009

Ramón Piñeiro



A poética de Ramón Piñeiro

ARMANDO REQUEIXO

Ramón Piñeiro tivo dende sempre unha visión do fenómeno literario galego e, particularmente, do seu mundo poético moi definida. Lirismo, humorismo e sentimento da paisaxe eran, ao seu ver, os tres piares que singularizaban a escrita na nosa lingua. Non é de estrañar, por tanto, que o seu interese pola poesía acabase concretándose no estudo e a lectura de autores que, sobre todo, afondaban nos eidos dun lirismo que el entendía como a expresión da intimidade.

Unha intimidade que, sempre segundo Piñeiro, só podemos alcanzar a través da soidade e, por tanto, a cerna do universo poético consistiría en transmitir esa voz calada da nosa íntima verdade que é a saudade como viven-

cia sentimental da soidade ontolóxica do ser humano. Por iso Piñeiro profundou na obra de Rosalía de Castro, considerada por el como a grande poeta do ser transcendente galego, mais tamén atopou ese lirismo saudoso en Luís Pimentel, a quen admirou pola sobriedade formal dos seus versos, decote ao servizo desa fondura comunicante na que asenta a vivencia da saudade. E tamén si, xaora, salientou a obra de creadores como Xosé Luís Franco Grande, Salvador García Bodaño, Uxío Novoneyra ou Antón Tovar, dos que subliñou o acerto co que a súa poesía subordinaba outros aspectos en favor da expresión dese eu solitario e pensante, autoconcienciado e reflexivo. Pois ben, cómpre lembrar que de entre todos eles Piñeiro gardou especial mención para o poeta guitiricense Xosé María Díaz Castro, a quen nun seu texto de 1972 chegou a cualificar como "sen dúbida o mellor poeta galego antre os que hoxe viven". De feito, Piñeiro -xunto con Francisco Fernández del Riego e Ricardo Carballo Calero- foi decisivo na publicación de *Nimbos* (1961), o único poemario que chegaría a dar ao prelo en vida Díaz Castro. Da importancia que a súa intervención tivo pa-

Ramón Piñeiro gardou especial mención para o poeta guitiricense Xosé María Díaz Castro

ra que o escritor daquela radicado en Madrid se animase a poñer por xunto os seus versos e dálos á imprenta fala ben ás claras o epistolario que entón cruzaron os dous, un ir e vir de misivas que se estendería no tempo e que lles faría afianzar unha sólida amizade que se estreitou nos últimos anos da vida de ambos, cando por fin se coñeceron persoalmente e tiveron ocasión de compartir actos e eventos do mundo cultural galego de finais dos 80.

Nesas cartas escritas entre 1959 e 1989 descóbrense o aprecio sincero que Piñeiro tivo pola poesía de Díaz Castro e a reciprocidade que o de Guitiriz lle gardaba como figura indiscutible da nosa cultura. Neste ano que celebramos a memoria deste insigne persoeiro ben está que se lle recoñeza tamén que grazas á súa opor-



Díaz Castro, de quen Piñeiro dixo en 1972 que era o mellor poeta galego vivo

(...) Rosalía de Castro, considerada por el como a grande poeta do ser transcendente galego

tuna mediación puideron chegar a ser voces fundamentais da lírica galega como a de Díaz Castro, un poeta ao que non pode compren-

derse cabalmente sen ter presente o que nel influíu a palabra lúcida e meditada do filósofo de Lán-

Mañás 25-VII-78

EL IDEAL gallego - GALICIA

Quince intelectuales piden la restauración del "Seminario de Estudios Gallegos"

"As posibilidades que a Galicia se lle abren para dar a batalla ao seu atraso dependerán do grao de coñecemento da nosa realidade" ● Para restaurar un "Seminario de Estudos Galegos", "axustado ás necesidades do noso tempo", se convoca una reunión para el día 28, en el "Museo do Pobo Galego"

atraso dependerán fundamentalmente do grao de coñecemento que tenhamos da nosa realidade. Coñecemento que, por unha banda, terá que se basear na investigación especializada da realidade mesma e, por outra, terá de difundir os seus resultados cos máximos amplicados posibles para que se convertan en patrimonio común de todos os galegos.

"Secuela evidente que esta actividade investigadora, así como a actividade paralela de divulgación dos coñecementos por ela logrados, serán tanto máis útiles as necesidades de desenvolvemento de Galicia canto máis se inspiren na visión global da súa realidade e canto máis se orienten á integración das súas diferentes partes. A súa lixeira xeoloxía ou botánica, a neografía, a historia, a antropoloxía, a linguística, a economía, etc., etc., son moitos aspectos que só acadan o seu pleno significado ou se integran no coñecemento global da realidade galega. E esta realidade non é outra cousa que a unidade que o pobo e duns anos a través dunha evolución cultural xenuína que foi evolucionando ao decurso do tempo.

parcializada en actividades dispersas, entre si independentes, non xira a responsabilidade de actuar solidariamente, de acudir a súa unidade esencial, que lle ven dada pola súa común pertencencia á realidade galega e pola súa identidade común no propósito final de servir, desde o plano cultural, a plena dignificación do noso pobo. E ese im-

ción de nosa conciencia cultural necesita un órgano un que tome a cargo e a través do cal poder transmitir o seu dinamismo creador de futuro.

O novo Seminario de Estudos Galegos pode e debe cumprir este función recollendo como principios básicos da súa actuación:

Q ser unha entidade onde se xun-

ten as persoas que se traballan no estudo da realidade galega para traballar entre elas un sistema de colaboración, discusión e programación dos seus estudos de investigación de cara a un coñecemento máis integrado e útil de Galicia.

Acordando estas funcións con absoluta independencia dos organismos oficiais, o que non exclua as múltiples relacións de cooperación con eles, a aceptación dos seus estudos institucionalizados e se de desenvolvemento cando lle tocan pedo.

Os que firmamos ao pé, preocupados por estes problemas, pensando en servir a Galicia, acordamos convocar a persoas representativas dos distintos eidos do estudo da nosa Terra para celebrar unha xuntanza que terá lugar a día 28 de xullo próximo, no Auditorio do Museo do Pobo Galego, á sete da tarde para ver de articular os traballos necesarios que conducen á restauración dun Seminario de Estudos Galegos axustado ás necesidades do noso tempo.

Muebles para este verano